

1979 - Celso Cuervo Fernández

BELÉN EN BEGONTE

Queridas amigas e amigos:

Begonte vén establecendo desde hai case trinta anos unha vinculación fermosísima que hoxe aparece perfectamente consolidada: Begonte e o Belén. O feito deste vencellamento chega a expresarse dun xeito entrañable e altamente suxerente: **Begonte de Belén.**

¿Qué suxire e qué debe suxerir? ¿Esta expresión pode converterse nun topónimo? Traspasade a este lugar da nosa Galicia o canto de paz ós homes e o achegamento dos primeiros adoradores (os pastores de Belén) que acudiron ó Portal despois de recibila grande noticia... e atopáremonos cun feito singular: esta parroquia dinamizouse coas vivencias de Belén, seguiu adiante ano tras ano iluminada pola estrela de Belén e convertiuse (para toda Galicia e para moitos lugares da xeografía española) nun resonador único da paz e a ledicia de Belén.

Decídeme se este feito consolidado non é motivo suficiente para que Begonte poida ser chamado Begonte de Belén. Con este pregón (ó que acudo moi agradecido pola invitación que me fixestes) quero contribuir a consagra-lo topónimo.

Aquí estamos diante dun belén singular. ¿En que está a singularidade? Toda a xeografía de Galicia, parroquias urbanas e rurais, colexios, escolas... salpícanse de beléns cando se achega o Nadal. En moitos casos basta con reproducir un trozo da paisaxe circundante: fondo de montañas, o amplo val no que nunca faltan ríos e fontes, estreitos carreiros que máis ben evocan á Galicia de onte, tan distinta á de hoxe, cruzada en tódalas direccións por modernas estradas e autoestradas. Os beléns fixeron en Galicia as delicias dos nenos. Non se entende un belén conmovedor sen concorrencia de nenos. Eles son os que mellor captan o seu significado, coa visión que está reservada ós limpos de corazón. Os maiores só entendémo-las leccións dun

belén cando nos asociamos ós nenos, os cales manteñen a capacidade de admirar e de sentir. Morren os beléns alí onde non hai nenos, e languidecen tristemente onde apenas nacen nenos.

Pero aquí atopámonos cun belén singular, máis vivo cada ano, máis suscitador de iniciativas. Un belén que ten resonancias moi amplas nos medios de comunicación social e nos organismos oficiais; un belén que hoxe é unha institución e ten a súa historia, por certo moi ben narrada. Como sucede sempre, para entende-lo presente hai que coñece-lo seu pasado, e este belén de Begonte, arroupado de música e poesía, non se explica nin se entende senón coñecendo as primeiras iniciativas: é un belén que xurdiu dun corazón grande, poseído de celo pastoral.

Non é preciso pronuncia-lo seu nome porque está grabado en tódolos corazóns e, ademais, o voso recordo e a vosa gratitude plasmouse nun momento que

seguiralle recordando a todos que aquí houbo un párroco, **D. José Domínguez Guizán**, ó que tiven o honor de tratar persoalmente, que ***“co seu traballo e pobreza enriqueceunos a todos”***. Estas derradeiras palabras, que todos lemos no monumento, non poden ser máis acertadas: “coa súa pobreza enriqueceunos a todos”. Esta idea da pobreza enriquecedora (esta fermosísima paradoxa) descifra o seu sentido tendo como fondo este belén.

Don José Domínguez Guizán respirou desde a infancia a música das mellores panxoliñas galegas, él mesmo formou parte da Schola Cantorum do Seminario de Mondoñedo, precisamente cando pasaba pola súa época máis esplendorosa, cun repertorio polifónico ó que se incorporaron, ademais, as mellores panxoliñas polifónicas doutros puntos de Galicia. Quero dicir, nunha palabra, que cando D. José chegou a Begonte traía o corazón repleto da mellor música navideña, que fructificou neste Belén.

Podemos felicitar nos de que este Belén conte cunha historia moi ben documentada ano tras ano, a partir de decembro de 1972. Naceu co claro propósito de modernidade. Non é un belén estático como a inmensa maioría, senón dinámico, como algún outro que xa aparecera en Galicia con pezas en movemento que supuxeron un enorme atractivo, unha gran sorpresa. Comprobei que tamén están documentadas as grandes dificultades iniciais: a recuperación e disposición de locais e, sobre todo, a necesidade de crealo e facelo todo, pois estas figuras en movemento, que fan as ledicias de nenos e maiores, non foron adquiridas en ningún mercado, supoñen un empeño creativo. Aquí entrou en xogo a inventiva, a articulación, o proceso de montaxe, a imaxinación e o enxeño. O Belén de Begonte, foi, polo tanto, un bello designio que fixo brila-la inspiración e o enxeño dos mellores, conxuntando a plástica e o movemento, a luz e o son.

Quero repetir aquí as mesmas verbas con que foron especialmente destacados tres nomes: "Xosé Domínguez Guizán, párroco, propulsor da idea, xestor incansable, viviu para o Belén; Xosé Rodríguez Varela, o alma mater, que proxecta, constrúe, deseña, monta, dálle vida... e Dionisio Varela Barro, que durante os primeiros anos correu con toda a parte eléctrica da montaxe e coordinación do Belén... e, nos últimos lustros (xa máis de quince anos), Xosé Antonio Abelleira, que corre con todo o aspecto electrónico do Belén..."

Podemos dicir, pois, que estamos ante unha realidade emblemática porque representa a feliz conxunción de fondas conviccións de fe, inspiración artística, dominio da técnica e capacidade organizadora. Nin que dicir ten que, nesta ocasión, subscribo plenamente as páxinas penetradas de emoción que Julio Giz Ramón dedica os admirables impulsores; e, se cabe, conmóvenme máis aínda as expresións de gratitude con que quedan definitivamente incorporadas á historia deste Belén persoas beneméritas da nosa provincia que, doutro xeito, serían ignoradas das novas xeracións.

É grato comprobar como xunto a este Belén produciuse un continuo fluir de iniciativas culturais de moi considerable alcance. **“A cultura, di o noso Pai Sarmiento, *chega peregrinando*”**; e, velaí..., ata o Belén de Begonte, chegaron periodistas da prensa, da radio e da televisión, participantes en concursos literarios e musicais, pintores e poetas, de dentro e de fóra de Galicia, cos que xa pode formarse una antoloxía admirable. O Belén de Begonte vén irradiando cultura desde o centro cultural que naceu á súa sombra. Soubo suscitar cos seus certames a sana emulación que alenta a creatividade: certames de panxoliñas, de periodismo, de postais navideñas, de poesía, de debuxo infantil, de pintura, de ambientación navideña, de medios informativos, de fotografía, de arte, etc. etc. Soubo conseguilo asesoramento e a axuda de persoas e institucións. Un simple repaso dos nomes que formaron os correspondentes xurados chega para demostrar que todo o mellor de Galicia viuse felizmente implicado nas celebracións culturais nacidas deste Belén.

Naturalmente, os nomes galardoados quedaron rexistrados para a posteridade, pero estou por dicir que o acontecer mellor vese envolto no anonimato: centenaes de rapaces e xoves que camiñaron espiritualmente ata o Belén de Begonte nunha mobilización de cultura, cos seus versos, cos seus cantos, cos seus debuxos ou coas súas pinturas... O mellor froito é, sen dúbida, que Begonte convertiuse nun remanso cultural hacia o que a cultura galega síntese especialmente atraída.

Para ir rematando xa quero pedir a todos:

- que teñan cabida nos nosos corazóns os millóns de nenos que morren de fame, os miles e miles de nenos sen familia para os que non hai Nadal,
- que entren tamén os moitos nenos e nenas da nosa sociedade de consumo, que materialmente o teñen todo, pero non disfrutan a auténtica ledicia do Nadal,

- que caiban tódolos que sofren no corpo e na alma... e terémo-la experiencia íntima de que o corazón baléirase de odios, envexas, celos, rencores.. e comeza a disfrutar da paz que os anxos cantaron en Belén.

Dise e vén repetíndose que foi San Francisco de Asís o que inventou o primeiro Belén, nun recuncho da súa Umbría natal, tan semellante á nosa Galicia na súa paisaxe. O seu lema “Paz e Ben” pode se-la mellor mensaxe navideña. Sen moita paz no corazón non é posible dedicarse a face-lo ben: a bondade só florece nos corazóns poseídos pola paz. E se nesta edición do Belén de Begonte, coincidente cos dous mil anos do nacemento de Xesús, nos enchemos de paz e de bondade, entón iniciarémo-lo terceiro milenio peregrinando no tempo cunha estrela na fronte e un cantar nos beizos.

Noraboa, pois.

- Noraboa, ante todo, ó neno Xesús que leva dous mil anos nacendo para nós.
- Noraboa ó mundo, que se ve inundado polo seu suave resplandor.
- Noraboa a España, que leva tantos séculos cantando ó Neno de Belén.
- Noraboa a Galicia, convertida toda ela nunha paisaxe navideña animada polas máis bellas panxoliñas.
- E noraboa a Begonte (á parroquia, a tódalas parroquias do concello), porque soubo gañarse a máis fermosa das denominacións: **Begonte de Belén.**

Rematei. Moitas gracias.